

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D. Juan González Leirós

SECRETARIA XERAL:

D.^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dezanove horas do día vinte e cinco de agosto do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro e a Sra. concelleira D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- ADXUDICACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CAMBRE, CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO FORMALIZADO POLA FEMP O 12 DE MARZO DE 2021, PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP - LOTE 8: SEGURO DE ACCIDENTES PARA AS ENTIDADES LOCAIS, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTES DEPENDENTES

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2022 (CVD: dwDWIvB07D9kwhVft7YF), relativa á “adxudicación da póliza de seguro de accidentes para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre, contrato baseado no acordo marco formalizado pola FEMP o 12 de marzo de 2021, para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP - Lote 8: Seguro de accidentes para as entidades locais, organismos autónomos e entes dependentes”, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

N ° DE EXPEDIENTE:	2022/000507 (Plataforma FEMP) – 2022/C006/000007 (TEDeC)
Título:	Seguro de accidentes para as actividades organizadas polo Concello de

	Cambre
Tipo de contrato:	Contrato baseado no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP - Lote 8: Seguro de accidentes para as entidades locais, organismos autónomos e entes dependentes

ANTECEDENTES

1. Adhesión á Central de Contratación da FEMP: Conforme coa Resolución de Alcaldía número 1950/2018 de data 1 de outubro de 2018, o Concello de Cambre atópase adherido á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.
2. Está en vigor, tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de marzo de 2022 e formalizado o 3 de marzo de 2022, o contrato baseado de mediación de riscos e seguros, ao abeiro do acordo marco de mediación de riscos e seguros da Central de Contratación da FEMP, formalizado o 3 de marzo de 2020.
3. A FEMP, a través da súa Central de Contratación, ten licitado en beneficio dos seus asociados o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, con base en pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os pregos de prescricións técnicas (PPT) resultando adxudicatarias **para o Lote 8** as seguintes empresas:

LOTES	Adxudicatarios
LOTE 8. Seguro colectivo de accidentes	AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA
	MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA

4. O acordo marco adxudicouse en todos os seus lotes con data 11 de febreiro de 2021, téndose formalizado o acordo marco o 12 de marzo de 2021.

Na dita licitación, a FEMP observou os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo polo tanto a LCSP.

5. O dito acordo marco ten unha vixencia que varía en función dos lotes, sendo a do Lote 8 “Seguro colectivo de accidentes” de 2 anos.

O acordo marco, en todos os seus lotes, poderá ser obxecto de prórrogas anuais (de 12 meses, cada unha) sucesivas, por mutuo acordo, antes da súa finalización. Non obstante, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

A duración total do acordo marco, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 48 meses (4 anos), de conformidade co disposto no artigo 219.2 da LCSP.

O prazo de vixencia do acordo marco delimita o prazo no que poderán adxudicarse os contratos baseados nel. Non obstante, a duración dos contratos baseados poderá exceder a do acordo marco, coas limitacións previstas no PCA.

Só poderán adxudicarse contratos baseados nun acordo marco durante a vixencia deste último. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a do envío do documento de invitación por parte da entidade local, ou se nas sucesivas prórrogas do acordo marco soamente resultase un adxudicatario de cada Lote, será directamente a data da adxudicación do contrato baseado.

Durante este período, as entidades locais adheridas deberán contratar os seguros cunha das empresas adxudicatarias do presente acordo marco e nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.

6. Con base no citado acordo marco, o Concello de Cambre pode subscribir o correspondente contrato baseado cunha das empresas adxudicatarias do acordo marco (lote 8), cuxo obxecto comprenderá a prestación do seguro de accidentes para as actividades organizadas polo Concello de Cambre nas condicións que se fixan o PCA e no PPT.
7. Con data 9 de agosto de 2022, conforme co establecido na cláusula 21 do PCA, remitiuse documento de invitación ás dúas empresas adxudicatarias do Lote 8, dándose un prazo de 10 días naturais para que as empresas presentaran as súas ofertas a través da plataforma informática da Central de Contratación.
8. Os criterios de adxudicación e a súa ponderación están preestablecidos na cláusula 21.2 do PCA, e replícanse no documento de invitación, axustándose o contrato, entre outras, ás seguintes condicións:
 - Importe anual do contrato (sen IVE): 26.000 euros
 - Importe anual IVE: As primas de seguros están exentas de IVE
 - Valor estimado do contrato (sen IVE e incluíndo prórrogas): 52.000 euros
 - Duración do contrato baseado e prórroga (no seu caso): 1 ano, podendo prorrogarse por 1 ano máis
 - Garantías: Non procede
 - Condición especial de execución: Que a adxudicataria dispoña dun plan de igualdade para a empresa, cando polas súas características non estea obrigado normativamente a telo en vigor, achegando a documentación acreditativa ao inicio do contrato baseado
9. Dentro do prazo de presentación de ofertas, presentou oferta a compañía aseguradora adxudicataria do Lote 8 do acordo marco de seguros da Femp: MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA
10. Consta informe de valoración de oferta do mediador de seguros do Concello de Cambre, de data 22 de agosto de 2022
11. Constan no expediente os certificados de que a licitadora está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa AEAT, Seguridade Social, ATRIGA e Concello de Cambre.
12. Conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP, o contrato baseado no acordo marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

A comunicación da adxudicación realizarase mediante a plataforma tecnolóxica da Central de Contratación da FEMP, sen prexuízo de que se notifique e publique a adxudicación conforme co establecido na Disposición Adicional Decimoquinta de la LCSP.

O Concello de Cambre deberá incluír na Plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do contrato baseado
13. Consta informe da Secretaría e Intervención municipais, de data 24 de agosto de 2022 (CVD: oBZzFYTti4svFb0ReTuG), favorable á proposta de adxudicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. - O procedemento de contratación realizouse conforme co disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros e os PCA e PPT que rexeron a súa licitación, trala adhesión á Central de Contratación por parte do Concello de Cambre, mediante Resolución de Alcaldía núm. 1950/2018, de data 1 de outubro de 2018, e con contrato baseado de mediación de riscos e seguros tralo acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno con data 2 de marzo de 2022.

Segundo. - A execución e resolución deste contrato supedítase ao disposto no acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros, nos PCA e PPT que rexeron a licitación dese acordo marco, así como pola LCSP, polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e, en canto non se opoña, polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante, o "RXLCAP").

Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, a "LPACAP") e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, "LRXSP") e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao contratos baseado a normativa sectorial vixente en cada momento, e entre outras, a título enunciativo e non exhaustivo as seguintes disposicións:

- Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.
- Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- A parte que subsiste vixente da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras, e no non derogado o Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados e demais disposicións de desenvolvemento e de dereito privado de xeral e concordante aplicación.
- Calquera outra disposición que afecte, modifique, desenvolva, derogue ou substitúa á ditas normas.

Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do acordo marco, o documento de invitación, a oferta presentada pola adxudicataria e o acordo de adxudicación.

Terceiro.- Tendo en consideración que o órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cambre é a Xunta de Goberno Local, isto de conformidade coa delegación de atribucións da Alcaldía efectuada ao seu favor mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo.

No uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e vistos os antecedentes mencionados e as disposicións legais, formulo a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO A ADOPTAR:**

Primeiro: Adxudicar o contrato baseado para a contratación do seguro de accidentes para as actividades organizadas polo Concello de Cambre, á única licitadora presentada, MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN

ESPAÑA, adxudicataria do Lote 8 do acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP, cunha prima total ofertada de 21.386,85 euros, un límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro ofertado de 10.000.000,00 euros e unha prima total mínima de 180,00 euros, o que lle outorga (segundo informe do mediador de seguros de data 22 de agosto de 2022), a seguinte puntuación:

PUNTUACIÓN	MARKEL
OFERTA ECONÓMICA (ATA 75 PUNTOS)	75 puntos
ELIMINACIÓN DE EXCLUSIÓNS (ATA 7 PUNTOS)	0 puntos
AUMENTO LÍMITE DE CÚMULO (ATA 5 PUNTOS)	5 puntos
INCLUSIÓN COBERTURAS COMPLEMENTARIAS (ATA 8 PUNTOS)	0 puntos
REDUCCIÓN PRIMA MÍNIMA DE EMISIÓN (ATA 5 PUNTOS)	5 puntos
TOTAL	85 puntos

Segundo: Comunicar este acordo á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar o acordo no Perfil do contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público e notificar conforme co establecido na LCSP.

Terceiro: O contrato baseado despregará efectos desde a notificación do presente acordo, conforme co establecido no artigo 36.3 da LCSP.

Cuarto: Notificar á coordinadora de servizos sociais e ao coordinador de actividades culturais e educativas, como responsables do contrato, e ao mediador de seguros do Concello de Cambre.

O presente acordo pode ser impugnado mediante recurso potestativo de reposición, o bien directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2022 (CVD: dwDWIvB07D9kwhVft7YF), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á OBRA DE “ADECUACIÓN E REPARACIÓN PARCIAL DO PAVIMENTO DO PATIO EXTERIOR DO CEIP PORTOFARO, O TEMPLE”; Á EMPRESA JARDINERÍA ARCE, S.L., NO PREZO OFERTADO DE 8.942,80 EUROS SEN IVE, 10.820,79 (IVE INCLUÍDO). EXPEDIENTE NÚM. 2022/C002/000106

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2022 (CVD: B2t6PR63JJ3bg+cz24Ia), relativa á “Adxudicación do contrato menor correspondente á obra de “Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple” á empresa *JARDINERÍA ARCE, S.L.*, no prezo ofertado de 8.942,80 euros sen IVE, 10.820,79 (IVE incluído). Expediente núm. 2022/C002/000106”, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 28/07/2022 asínase polo arquitecto municipal o informe denominado “Memoria de valoración” con importe base de licitación de 8.942,80 € sen IVE, 10.820,79 IVE incluído e prazo de execución de dous semanas (CVD: M5i5zH2wAD5KPdFNTnt8).

Con data 29/07/2022 asínase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade” (CVD: B/TI82uMLgMjHJniw+uY), correspondente á obra “Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple” elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade do servizo xustificando que:

A dita contratación considérase necesaria para poder, con carácter urxente, reparar parcialmente o espazo de xogos do patio do CEIP Portofaro, para que poida adecuarse ao seu uso previsto, pois se trata dun espazo usado maioritariamente por parte dos alumnos de menor idade, sendo a súa seguridade unha cuestión prioritaria. Así, débense emendar as deficiencias actuais pois os desniveis e cortes producidos no pavimento fan que non se cumpra coa normativa relativa a accesibilidade e seguridade de utilización do patio como zona de xogos e espaxamento do alumnado; faise necesaria pois, unha intervención que adecue o pavimento ás condicións de seguridade de utilización requiridas, e cumpra coas necesidades demandadas, canto a posibles actividades a realizar, por parte da comunidade educativa.

Con data 01/08/2022 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 323.21200 (*Mantenimiento Edificios enseñanza infantil y primaria*) (código de validación YG2OK-SW3TX-75UCG).

Con data 22/08/2022 asínase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, propón “como adjudicatario de las obras de “Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple” según la Memoria redactada por el Arquitecto Municipal, a la empresa *JARDINERIA ARCE S.L.*, con una oferta económica de 10.820,79€ (iva incluído)” (CVD: ZjE851o5KuHtwTmlJ1Rc).

Consta informe desfavorable emitido pola secretaria accidental con data de 22 de agosto de 2022 (CVD: a+K9WIIPhc72q2tHd6U+).

Consta INFORME DE FISCALIZACIÓN JUA NUM 346/2022 - REPARO 108 R, de data 22 de agosto (CVD: f4FU3v92QrKal8i5VH9r).

Consta informe emitido polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito (CVD: j7Vg+6P+HCRharo4Fzho) solicitando o levantamento do reparo.

Consta a Resolución da Alcaldía 1492/2022, de 24 de agosto, na que se resolve levantar o reparo formulado.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Memoria de valoración" elaborado polo arquitecto municipal correspondente á obra "Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple" cun importe base de licitación de 8.942,80 € sen IVE, 10.820,79 IVE incluído e prazo de execución de dous semanas.

Segundo: Aprobar o documento denominado "Informe-Proposta de necesidade" correspondente á obra "Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple" elaborado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Terceiro: Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 323 21200 (*Mantenim. Edificios enseñanza infantil y primaria*).

Cuarto: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000106, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Quinto: Adjudicar o contrato para a obra "Adecuación e reparación parcial do pavimento do patio exterior do CEIP Portofaro. O Temple", á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., con NIF B15547979 domicilio en MANUEL MURGUÍA, 4-6 EMPLTA, 15011 (A CORUÑA), no prezo ofertado 8.942,80 euros sen IVE, 10.820,79 (IVE



incluído), e prazo de execución de dous semanas, por ser a única oferta presentada atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designar como responsable do contrato, ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2022 (CVD: B2t6PR63JJ3bg+cz24la), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López